

Memoria

Verán de Lecer

2011

Índice

| | |
|--|------------------------------------|
| | Descrición do proxecto |
| Descrición do proceso de entrega e admisión de solicitudes | |
| | Poboación destinataria |
| | Descrición dos servizos e procesos |
| | Recursos humanos |
| | Recursos materiais |
| | Proceso de Avaliación |
| Valoración das persoas usuarias de Verán de Lecer 2011 | |
| | Valoración das familias |

Descrición do proxecto

Verán de Lecer é un proxecto posto en marcha e subvencionado a través da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo en colaboración con Pasovigo.

Trátase dun proxecto de carácter non permanente que se desenvolveu durante os meses de xullo e agosto nun total de 6 semanas de actividade¹. Este proxecto consistiu tanto nun servizo de ocio dirixido a persoas con discapacidade, maiores de 6 anos e empadroadas no Concello de Vigo, como nun servizo de respiro para as familias das persoas usuarias.

Este proxecto ofertouse durante os meses de xullo e agosto nas seguintes datas, horarios, servizos e espazos de realización:

Táboas 1 e 2


| Xullo - "Divírtete no Verán" | |
|------------------------------|---|
| Horario | de 10,00hrs a 14,00hrs. |
| Datas | <ul style="list-style-type: none"> • do luns 4 ao venres 8 • do luns 11 ao venres 15 • do luns 18 ao venres 22 |
| Servizos ofertados | Transporte (ida e volta). ² |
| Lugar de realización | Museo do VERBUM (Avda. De Samil). |

| Agosto - "Verán do Lecer" | |
|-----------------------------|--|
| Horario | de 10,00hrs a 16,00hrs. |
| Datas | <ul style="list-style-type: none"> • do luns 1 ao venres 5 • do luns 8 ao venres 12 • do luns 22 ao venres 26 |
| Servizos ofertados | Transporte (ida e volta). Comedor. |
| Lugar de realización | ASPANAEX (mestres Goldar). |

1 **ANEXO:** temporalización de actividades.

2 O servizo de transporte tanto de xullo como de agosto, e o de comedor de agosto, son opcionais para as familias, podendo solicitalos ou non.

O prazo de presentación das solicitudes³ para a inclusión en Verán de Lecer abriuse dende o día 2 de maio de 2011 ata o día 31 do mesmo mes no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. As prazas ofertadas para xullo e agosto foron as detalladas a continuación:



Os prezos por semana e servizo foron:

Táboa 3

| Precios polos servizos ofertados en Verán de Lecer 2011 | |
|---|--------------------------------------|
| Xullo | Agosto |
| Precio asistencia por semana 5,00 € | Precio asistencia por semana 8,00 € |
| Precio transporte por semana 15,00 € | Precio transporte por semana 15,00 € |
| | Precio comedor por semana 25,00 € |

³ ANEXO: Ficha de Solicitud e documentación a entregar.

Descrición do proceso de entrega e admisión de solicitudes

- **Prazo de presentación de solicitudes**

A documentación requirida para o proceso de selección foi:

- ✓ impreso de solicitude xeral do Concello de Vigo
- ✓ Autorización da nai/pai ou titor/a
- ✓ ficha de transporte
- ✓ ficha de coñecemento
- ✓ 1 foto tamaño carné
- ✓ prescrición médica e posoloxía para a administración (no caso de que a persoa tome medicación)
- ✓ fotocopia do DNI
- ✓ tarxeta médica

O prazo para a presentación das solicitudes para a súa admisión en Verán de Lecer foi dende o día 2 ata o 31 de maio. As solicitudes debíanse presentar no rexistro do Concello de Vigo dentro deste prazo ben pola propia familia ou titor/a da persoa ou ben a través do centro no que estiveran as persoas destinatarias deste proxecto.

- **Posta en contacto coas familias**

Unha vez aceptadas tódalas solicitudes dende as diferentes asociacións puxéronse en contacto coas familias para confirma-la participación en Verán de Lecer e establece-lo pago dos servizos demandados e o medio para efectualo.

- **Demanda de prazas**

Tódalas solicitudes demandadas foron aceptadas, aínda que posteriormente o número de inscritos reduciuse debido principalmente a dous motivos:

- problemas de saúde das persoas usuarias
- concesión de prazas noutros campamentos


Táboa 4

| Participación por semanas | | | |
|---|-----------|--|---------------------------|
| Solicitudes recibidas por semana | | Número de persoas participantes por semana | |
| Xullo | 1ª semana | 29 | 24 / 5 cadeiras de rodas |
| | 2ª semana | 24 | 21 / 7 cadeiras de rodas |
| | 3ª semana | 27 | 23 / 7 cadeiras de rodas |
| | 4ª semana | 45 | 38 / 11 cadeiras de rodas |
| Agosto | 5ª semana | 39 | 38 / 12 cadeiras de rodas |
| | 6ª semana | 35 | 31 / 6 cadeiras de rodas |
| Nº total de solicitudes recibidas 64 | | | |

O número de semanas solicitadas por persoa foron variables, podendo solicitar entre unha e seis semanas por orde de preferencia entre xullo e agosto, indistintamente, cada persoa en función das súas necesidades.

Nº de semanas solicitadas por persoa

Gráfica 1



As solicitudes dos servizos complementarios de transporte para xullo e agosto e o de comedor para o mes de agosto foron:

Táboa 5

| Servizos complementarios Verán de Lecer 2011 Número de solicitudes | | |
|---|--------------------------|-----------------------|
| Transporte mes de xullo | Transporte mes de agosto | Comedor mes de agosto |
| 27 de 32 solicitudes | 43 de 56 solicitudes | 47 de 56 solicitudes |

Poboación destinataria

- **Características das persoas destinatarias**

Como se sinalou no apartado anterior, as persoas destinatarias deste proxecto presentaban diferentes tipos de discapacidades (física, sensorial ou psíquica), sendo todas maiores dos 6 anos de idade e empadroadas no Concello de Vigo. As características das persoas atendidas foron moi diferentes entre si, presentando niveis de apoio ben diferenciados.

- **Participación derivada das asociacións**


A meirande parte das persoas que participaron en Verán de Lecer viñeron derivadas de diferentes asociacións como queda reflectido na seguinte gráfica.



- **Idades das persoas participantes**

As idades das persoas que participaron en Verán de Lecer neste ano 2011 oscilou entre os 59 e os 8 anos, pero o grupo máis numeroso de idade durante todo o campamento é o que abrangue entre os 20 e os 16 anos de idade (ver Gráfica 2 “Idades das persoas usuarias de Verán de Lecer 2011”).

Como se sinalou no apartado anterior, no mes de xullo houbo máis oferta para persoas menores de 30 anos, sendo á inversa no mes de agosto, onde houbo máis prazas ofertadas para persoas maiores de 30 anos.



Descrición dos servizos e procesos

- **Metodoloxía das actividades de ocio e tempo libre**

Á hora de programar as actividades de Verán de Lecer, tivemos en conta diferentes aspectos que garantiran a viabilidade da realización das mesmas para a meirande parte das persoas usuarias. Entre outros factores:

- ✓ rangos de idade
- ✓ características das persoas destinatarias
- ✓ que non foran actividades que realizaran durante o ano nos seus centros de referencia
- ✓ que tódalas persoas tiveran a posibilidade de participar en maior ou menor grado
- ✓ as enquisas ás persoas usuarias do ano anterior
- ✓ as enquisas ás familias das persoas usuarias do ano anterior
- ✓ as actividades realizadas en Verán de Lecer de 2010
- ✓ o transporte
- ✓ as ratios establecidas
- ✓ o persoal voluntario
- ✓ recursos sociais dispoñibles para as datas de realización
- ✓ entorno no que se realizaron
- ✓ materiais dispoñibles
- ✓ presuposto

A metodoloxía pretendeu en todo momento ser flexible ante calquera tipo de modificación por peticións das persoas usuarias, do persoal tanto contratado como voluntariado, ou ben por motivos alleos á propia organización.

Durante o mes de xullo o campamento realizámolo nas instalacións do Museo VERBUM situado en Samil. A temporalización das actividades estaba deseñada para pasa-la meirande parte do tempo fóra do Museo e disfrutar do entorno, pero vímonos na obriga de modificar algunhas actividades da programación por mor da metereoloxía. Incluso o persoal do Museo permitiunos estar nas instalacións algún luns por mor da choiva, sendo o día que o Museo está pechado para o público. A distribución das persoas usuarias foi dun só grupo establecendo as ratios necesarias tanto para as saídas como para calquera outra actividade.

No mes de agosto a Asociación ASPANAEX cedeu as instalacións do seu Centro de Día para a realización das actividades de Verán de Lecer. Neste caso, as actividades estaban deseñadas para realízalas nas aulas do centro ante a dificultade de poder organizar un maior número de saídas sobre todo por localización e transporte. Para unha correcta atención dividimos a tódalas persoas participantes en catro grupos⁴ segundo as características, idade, mobilidade, etc. Para algunhas das actividades xuntáronse os grupos de dous en dous e para outras xuntáronse os catro

4 **ANEXO:** Distribución grupos agosto.

grupos. Procuramos, a petición do persoal, que os grupos estiveran xuntos o maior tempo posible para que as actividades foran máis dinámicas.

- **Servicio de transporte**

Este servicio tanto de recollida das persoas usuarias como de volta, podía ser solicitado ou non polas familias e supuña un custe adicional de 15€. Como se reflicte máis arriba na Táboa 5, a meirande parte das persoas solicitaron este servicio complementario.

Como proposta de mellora do ano pasado, este ano achegouse unha ficha relativa ao transporte onde quedaban reflectidas non só o enderezo de residencia, senón que tamén constaba o enderezo de recollida e volta do transporte durante o ano. Esta mellora axilizou o proceso de posta en contacto coas familias para lles comunicar o punto de ida e volta do transporte.

Unha vez elaboradas as rutas puxémonos en contacto coas familias para confirmar o punto de encontro e os horarios tanto de ida como de volta e realizar posibles cambios.

Xa coas rutas definidas achégaselle ao persoal contratado que fará transporte (tanto condutor como acompañante) a ruta coas persoas usuarias que recollerá, lugares e horarios de paradas.

As furgonetas das que dispuxemos para o campamento foron:

- 1. PMR**

- empregouse en xullo e agosto
- no mes de xullo só realiza a entrada por problemas co horario, en agosto entrada e saída
- non traía acompañante
- só recolleu nas paradas de Vitrasa

- 2. Cruz Vermella**

- empregouse en xullo para a saída coa mesma ruta que co PMR
- non traía acompañante

- 3. COGAMI**

- dúas furgonetas:
 - furgoneta adaptada de 7 prazas
 - furgoneta non adaptada de 9 prazas (incluídas prazas de acompañante e condutor)
- empregáronse tanto en xullo como en agosto para transporte e excursións

- 4. Alento**

- dúas furgonetas:
 - furgoneta adaptada 9 prazas
 - furgoneta non adaptada 9 prazas

(incluídas prazas de acompañante e condutor)

- en agosto empregouse só a furgoneta adaptada tanto para transporte como para excursións

5. APAMP

- dúas furgonetas:
 - furgoneta adaptada Ford 9 prazas
 - furgoneta adaptada Wolswagen 9 prazas
 - furgoneta no adaptada
(incluídas prazas de condutor e acompañante)
- no mes de xullo empregouse a Ford tanto para transporte como para excursións
- no mes de agosto empregouse a Wolswagen tanto para transporte como para excursións

6. ASPANAEX

- dúas furgonetas:
 - furgoneta non adaptada Ford
 - furgoneta adaptada Ford
- en xullo empregouse a Ford tanto para transporte como para excursións

• Servicio de comedor

No mes de agosto ofreceuse a posibilidade de solicitar o servicio de comedor⁵ por 25€ por semana, e foi solicitado nun 84%. É salientable que moitas familias que non solicitaron este servicio, interesáronse en solicitalo posteriormente, ben por situacións familiares ou laborais, ou ben por petición da propia persoa usuaria.

Ao igual que o ano pasado, a empresa encargada do catering foi “EL Canario”. O número de menús solicitados foise adaptando segundo o número de persoas asistentes. Para as persoas que o necesitaron pedíronse dietas especiais (triturado, dieta, hipercalórico, etc.).

A organización deste servicio⁶ fíxose segundo a distribución de grupos establecida para as actividades. Tivéronse en conta tamén, dentro de cada grupo, as necesidades de apoio en comedor para a distribución nas mesas e en función disto distribuíuse ao persoal.

• Medicación

A medicación proporcionóuselle a cada persoa xusto ao remate de cada xantar, co postre. Para unha correcta organización a persoa encargada de administra-la medicación levou un rexistro das tomas diarias nunha táboa semanal⁷.

• Comunicación coas familias

Semanalmente e a través das persoas usuarias enviáronse ás familias resumos das actividades semanais.

5 ANEXO: Menús semanais.

6 ANEXO: Distribución comedor.

7 ANEXO: Rexistro de medicación.

Recursos humanos

- **Persoal contratado**

O equipo de profesionais⁸ de Verán de Lecer estivo composto por dúas coordinadoras, ademais dun total de 15 persoas contratadas como monitores e monitoras para as diferentes semanas deste Verán de Lecer de 2011.

Realizáronse un total de 33 entrevistas de entre as que se seleccionaron a un total de 15 persoas⁹, de entre as que 10 estiveron en Verán de Lecer 2010 e 5 foron de nova incorporación. O número de persoas contratadas por semana estableceuse en relación ao número de usuarios/as asistentes.

Táboa 6

| Monitores/as contratados Verán de Lecer 2011 | | | | | |
|--|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Xullo | | | Agosto | | |
| 1ª semana | 2ª semana | 3ª semana | 4ª semana | 5ª semana | 6ª semana |
| 7 | 7 | 7 | 14 | 14 | 7 |
| + 2 coordinadoras | | | | | |
| Total | | | | | |
| 9 | 9 | 9 | 16 | 16 | 9 |

8 ANEXO: Convocatoria contratación persoal Verá de Lecer.

9 ANEXO: Táboa persoal xullo e agosto.

Ofreceuse unha formación¹⁰ relativa á atención á discapacidade na que participaron tanto persoal contratado como voluntariado. Esta formación estivo dividida en dous partes:

Táboa 7

| Formación persoal Verán de Lecer 2011 | | | |
|---------------------------------------|---------------------|-----------------|--|
| | | Visitas centros | Formación teórico-práctica |
| Datas | Horarios | | |
| Martes 28 xuño | 13,00hrs | ● APAMP | |
| Mércores 29 xuño | 11,30hrs | ● ALENT0 | |
| Venres 01 xullo | 09,00hrs a 14,00hrs | ● ASPANAEX | Formación impartida por persoal de APAMP e ASPANAEX. |

- **Persoal voluntario**

Ademais do persoal contratado contamos co apoio de persoas voluntarias¹¹ que colaboraron connosco ó longo de Verán de Lecer. Estas persoas, principalmente, foron derivadas a través da OMV (Oficina Municipal de Voluntariado). Pero tamén contamos con persoas que xa colaboraran en Verán de Lecer de 2010, persoal voluntario de asociacións e xente que coñeceu o proxecto a través de persoas voluntarias que participaban en VL 2011.

Participación de voluntariado

Gráfica 4



10 ANEXO: Esquema formación teórico-práctica e documentación entregada.

11 ANEXO: Táboa presenza vountariado xullo e agosto.

Recursos materiais

Os materiais empregados durante o campamento foron:

- **Xullo**
 - instalacións do Museo VERBUM
 - materiais para xogos e manualidades de Abertal
 - material de aseo (cueiros, toallas húmidas, lubas, etc.)

- **Agosto**
 - instalación ASPANAEX
 - materiais para xogos de Abertal e ASPANAEX
 - material de aseo (cueiros, toallas húmidas, lubas, etc.)
 - materiais para obradoiros:
 - camisetas
 - pinturas
 - pinceis
 - barro
 - cestería
 - instrumentos musicais
 - papel

Proceso de Avaliación

Os métodos de avaliación empregados para valorar tanto o proceso como os resultados obtidos foron:

- observación directa a usuarios/as e familias
- reunións de equipo
- enquisas de satisfacción ás persoas usuarias
- enquisas de satisfacción ás familias
- valoracións aportadas a nivel persoal (usuarios/as, monitores/as, voluntariado, familias)


Valoración das persoas usuarias de Verán de Lecer 2011

- Total enquisas satisfacción usuarios/as: 53



Grado de satisfacción das persoas usuarias



Gráfica 5




Grado de satisfacción das persoas usuarias co persoal



A través das enquisas de satisfacción realizadas ás persoas usuarias e tamén a través do tempo de actividade que estivemos coas persoas destinatarias de Verán de Lecer, puidemos coñecer as actividades que persoalmente lles gustaría realizar a moitas das persoas coas que compartimos este campamento.

Proposta de actividades das persoas usuarias

Gráfica 6




Valoración das familias

- Total enquisas enviadas: 63
- Total enquisas recibidas: 31
- Porcentaxe de participación: 42%

Resultados das enquisa numérica, onde se valora nunha escala do 1 ao 10, entendendo o 1 como a valoración máis baixa e o 10 como a máis alta.

Enquisas satisfacción familias 1

Gráfica 8




Observacións das familias:

- Ensinar as instalación e metodoloxía de traballo ás familias.
- Alto grado de satisfacción tanto cos profesionais como co voluntariado.
- Satisfacción xeral con Verán de Lecer 2011.
- Alto grado de satisfacción das persoas usuarias observada polas súas familias.
- Realizar máis saídas e excursións.
- Ampliar o horario ata última hora da tarde.
- Agradecementos.

Por outro lado, ademais da valoración anterior, ofrecéuselles ás familias a oportunidade de contestar a unha serie de preguntas de forma aberta descrita na seguinte táboa.

Enquisas satisfacción familias 2

Gráfica 9



Temporalización actividades

Verán de Lecer 2011

Xullo

| 1ª semana do 4 ao 8 de xullo | | |
|------------------------------|---|---|
| Luns 4 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs *17.00hrs | Entrada transporte Xogos presentación Paseo por Samil Regreso Verbum Saída transporte Reunión equipo |
| Martes 5 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs | Entrada transporte Visita VERBUM Dinámicas Regreso Verbum Saída transporte |
| Mércores 6 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs | Entrada transporte Dinámicas Praia Regreso Verbum Saída transporte |
| Xoves 7 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs | Entrada transporte Visita Parque Rioux Paseo Regreso Verbum Saída transporte |
| Venres 8 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs | Entrada transporte Xogos Olimpíadas Regreso Verbum Saída transporte |

| 2ª semana do 11 ao 15 de xullo | | |
|--------------------------------|---|---|
| Luns 11 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs *17.00hrs | Entrada transporte Xogos e paseo Regreso Verbum Saída transporte Reunión equipo |
| Martes 12 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs | Entrada transporte Visita Calvario Merenda Regreso Verbum Saída transporte |
| | 10.00hrs 10.20hrs | Entrada transporte Dinámicas Praia |

| | | |
|--------------------|--|--|
| Mércores 13 | 13.15hrs 14.00hrs | Regreso Verbum Saída transporte |
| Xoves 14 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs | Entrada transporte Paseo Vao Visita Villa romana Toralla Regreso Verbum Saída transporte |
| Venres 15 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs | Entrada transporte Xogos Olimpíadas Regreso Verbum Saída transporte |

3ª semana do 18 ao 22 de xullo

| | | |
|--------------------|---|--|
| Luns 18 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs *17.00hrs | Entrada transporte Xogos presentación Regreso Verbum Saída transporte Reunión equipo |
| Martes 19 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs | Entrada transporte Visita Zoo Regreso Verbum Saída transporte |
| Mércores 20 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs | Entrada transporte Dinámicas Praia Regreso Verbum Saída transporte |
| Xoves 21 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs | Entrada transporte Terapia Con.Tacto Parque de Navia Regreso Verbum Saída transporte |
| Venres 22 | 10.00hrs 10.20hrs 13.15hrs 14.00hrs | Entrada transporte Xogos e festa Regreso Verbum Saída transporte |

Temporalización actividades

Agosto

Verán de Lecer 2011

| 1ª semana do 1 ao 5 de agosto | | |
|-------------------------------|---|--|
| Luns 1 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs *17,00hrs | Entrada transporte Actividade presentación Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte Reunión equipo |
| Martes 2 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Saída G ¹² 1+2 Actividade G 3+4 Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |
| Mércores 3 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Obradoiro camisetas G 1+2, G 3+4 Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |
| Xoves 4 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Saída G 3+4 Actividade G 1+2 Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |
| Venres 5 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Xogos G 1+2+3+4 Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |

| 2ª semana do 8 ao 12 de agosto | | |
|--------------------------------|---|---|
| Luns 8 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs *17,00hrs | Entrada transporte Actividade presentación Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte Reunión equipo |
| Martes 9 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Saída G 1+2 Actividade G 3+4 Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |
| Mércores 10 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Obradoiros <ul style="list-style-type: none"> • música G 1+2, G 3+4 • papiroflexia G 3+4, G 1+2 Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |
| Xoves 11 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Saída G 3+4 Actividad G 1+2 Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |
| Venres 12 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Xogos Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |

| 3ª semana do 22 ao 26 de agosto | | |
|---------------------------------|--|--|
| Luns 22 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs *17,00 hrs | Entrada transporte Actividade presentación Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte Reunión equipo |
| Martes 23 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Saída G 1+2 Actividade G 3+4 Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |
| Mércores 24 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Obradoiro barro Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |
| Xoves 25 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Saída G 3+4 Actividade G 1+2 Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |
| Venres 26 | 10,00hrs 10,30hrs - 13,30hrs 11,30hrs - 12,00hrs 13,30hrs 15,00hrs 16,00hrs | Entrada transporte Xogos - Festa despedida Descanso Organización comedor Sobremesa Saída transporte |

**Formación teórico-práctica
Verán de Lecer 2011**

**Formación Verán de Lecer 2011
Venres 01 de xullo de 2011**

09,00hrs - 09,30hrs Presentación Verán de Lecer 2011

Chus Sanromán

Coordinadoras campamento 2011

09,30hrs - 10,00hrs Experiencia Verán de Lecer 2010

Ángeles Pérez - coordinadora VL 2010

10,00hrs - 11,45hrs APAMP

- Mobilización de persoas con dependencia
 - Sara Carrasco - Silvia García (fisioterapeutas)
- Atención socio-sanitaria
 - Blanca García (Cuidadora)
- Nutrición e alimentación / Comunicación
 - Isabel Lorenzo (Logopeda)
- Manexo de cadeira de rodas e transporte adaptado
 - Pablo Nores (Responsable de mantemento)

11,45hrs - 12,15hrs Descanso

12,15hrs - 14,00hrs ASPANAEX

- Calidade de vida
- Necesidades de apoio
- Pautas xerais no trato con PCDI
- Métodos xerais de manexo de condutas disruptivas
- Características individuais dos participantes
 - Judith Martínez e Juanjo Fonseca (Psicólogos)

Verán de Lecer 2011

Estimadas familias:

Facémosvos chegar un resume das actividades que fixemos durante esta primeira semana de campamento de Verán de Lecer subvencionado pola Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.



Como ben vos dixemos na carta de benvida deste pasado martes, durante toda esta semana fixemos xogos de presentación entre as mozas e mozos, o persoal profesional e o voluntariado que participa connosco. Ademais tamén fixemos unha excursión ao Parque da Riouxa, disfrutamos dun ratiño na piscina de Samil e paseamos polo entorno.

Tamén comentarvos que o martes recibimos a visita do alcalde de Vigo e da concelleira de política de benestar.

Agardamos que o voso fillo/a disfrutara das actividades.

Verán de Lecer 2011

Estimadas familias:

Facémosvos chegar un resume das actividades que fixemos durante esta segunda semana de campamento de Verán de Lecer subvencionado pola Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.



- **Luns 11:** xogos nas instalacións do Verbum por mor do mal tempo.
- **Martes 12:** visitamos o Mercado do Calvario, zona onde ademais tomamos a merenda.
- **Mércores 13:** tivemos día de praia, facendo uso da silla anfíbio para aquelas persoas que o precisaron.
- **Xoves 14:** visitamos a Vila Romana de Toralla e tomamos a merenda pola zona, preto da praia.
- **Venres 15:** paseamos por Samil, onde ademais tomamos un refresco.

Agardamos que o voso fillo/a disfrutara das actividades.

Moitas grazas.

Verán de Lecer 2011

Estimadas familias:

Facémovos chegar un resume das actividades que fixemos durante esta terceira semana de campamento de Verán de Lecer subvencionado pola Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.



- **Luns 18:** xogos nas instalacións do Verbum por mor do mal tempo. Saímos dar un paseo por Samil e a tomar un refresco pola zona.
- **Martes 19:** visitamos o zoo onde unha guía nos foi explicando cousas sobre os animais.
- **Mércores 20:** como non facía sol para ir á praia, fumos ata o parque de Navia, onde xogamos e ademais tomamos un refresco e a merenda.
- **Xoves 21:** estivemos no parque de Seragua xogando cos cans de Terapia Con.Tacto, que deseñaron para o noso grupo unha serie de actividades de terapia con cans Golden Retriever.
- **Venres 22:** como fin de campamento deste mes de xullo celebramos unha pequena festa con xogos, refrescos e algo de comer nas instalacións do Verbum.

Agardamos que o voso fillo/a disfrutara das actividades.

Moitas gracias.

Verán de Lecer 2011

Estimadas familias:

Facémosvos chegar un resumo das actividades que fixemos durante esta terceira semana de campamento de Verán de Lecer subvencionado pola Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.



- **Luns 22:** fixemos xogos de presentación entre tódolos compañeiros nas instalacións de Aspanaex
- **Martes 23:** dous grupos sairon a visitar o parque de bombeiros e os outros dous quedaron no centro facendo un obradoiro de cestería.
- **Mércores 24:** realizamos un obradoiro de barro onde cada rapaz realizou diferentes figuras e obxectos.
- **Xoves 25:** dous grupos sairon a visitar o parque de bombeiros e os outros dous quedaron no centro facendo un obradoiro de cestería.
- **Venres 26:** como fin de campamento fixemos unha festa de despedida e fixemos un visionado das fotos de todo o campamento.

Agardamos que o voso fillo/a disfrutara das actividades.

Moitas gracias.

Saúdos do equipo de profesionais e voluntariado de Verán de Lecer 2011.

Menús semanais
Agosto
Verán de Lecer 2011

Menú 1ª Semana do 1 ao 5 de agosto

| Luns 1 | Martes 2 | Mércores 3 | Xoves 4 | Venres 5 |
|---------------------------|--|----------------------------|-----------------------------|---|
| 1º Croquetas con ensalada | 1º Crema de verduras | 1º Panaché de verduras | 1º Coliflor gratinada | 1º Crema de champiñós |
| 2ª Bacallao á Vizcaína | 2º Milanesa de polo con patacas fritas | 2º Lasaña | 2º Polo ao ajillo con arroz | 2º Dado de lomos de cerdo con jardinera |
| Postre Froita en almíbar | Postre Postres caseros | Postre Froita de temporada | Postre Froita en almíbar | Postre Postres caseros |

Menú 2ª Semana do 8 ao 12 de agosto

| Luns 8 | Martes 9 | Mércores 10 | Xoves 11 | Venres 12 |
|---------------------------------------|---------------------------------------|------------------------------|-----------------------------------|-----------------------------------|
| 1º Sopa casera de fideos | 1º Empanada de hojaldre | 1º Empanadillas con ensalada | 1º Judías salteadas con tomate | 1º Parrillada de verduras |
| 2ª Ternera mechada con patatas asadas | 2º Merluza al caldo corto con patatas | 2º Espaguetti boloñesa | 2º Jamón asado con puré de patata | 2º Pechuga a la plancha con arroz |
| Postre froita | Postre Selección de lácteos | Postre Postres caseros | Postre Fruta en almíbar | Postre Fruta |

Menú 3ª Semana do 22 ao 26 de agosto

| Luns 22 | Martes 23 | Mércores 24 | Xoves 25 | Venres 26 |
|---|---|---|--|--|
| <p>1º Brocoli gratinado con salsa de pimientos</p> <ul style="list-style-type: none"> • 2º Lomo adobado a la plancha con arroz • Postre: selección de lácteos | <p>1º Caldo gallego</p> <ul style="list-style-type: none"> • 2º Conejo a la cazadora con ensalada • Postre: postres caseros | <p>1º Crema de patata y zanahoria</p> <ul style="list-style-type: none"> • 2º Bacalao al horno con patatas • Postre: fruta en almíbar | <p>1º Ensalada del día</p> <ul style="list-style-type: none"> • 2º Hamburguesa de pollo con arroz • Postre: fruta de temporada | <p>1º Pasta a la carbonara</p> <ul style="list-style-type: none"> • 2º Chuleta de cerdo a la plancha con ensalada • Postre: fruta en almíbar |